- Ao comezo do curso, a avaliación inicial proporciona unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais para atender mellor á diversidade.
- Nas unidades didácticas programadas e nos proxectos que xurdan realízase a avaliación formativa, necesaria para coñecer á evolución ao longo do proceso. Ofrece unha visión das dificultades e dos progresos do alumnado o que permite reforzar ou ampliar as aprendizaxes.
- Ao final de cada trimestre e ao final de curso realízase a avaliación sumativa para determinar os resultados do proceso de aprendizaxe e o grao de desenvolvemento competencial.

Para darlle unha cualificación a avaliación das áreas procederase da seguinte forma:

Capacidades e EA avaliados	Procedement o de avaliación	Instrumentos de avaliación	%
Presta atención, amosa interese, coida o material, cumpre as normas, é correcto no trato, completa a tempo as tarefas, esfórzase nas tarefas escolares, participa activamente, presenta os traballos limpos e ordeados, é respectuoso cos demais, traballa autónomamente, traballa en equipo, trae todo o material necesario.	-observación sistemática -observadores externos (cando se dispoña deles) -posibles grabacións co seu análise	Os instrumentos usados para o rexistro de datos son: escalas de observación de varios tipos incluíndo rúbricas, listas de control e o rexistro de anécdotas da aula.	20%
Estándares de Aprendizaxe relacionados coa expresión e comprensión oral que desenvolven a competencia en comunicación lingüística.	-intercambios orais -posibles grabacións e podcast	o diálogo, a entrevista, a asemblea e as postas en común.	10%
A maioría dos Estándares de Aprendizaxe, que se conseguen coa realización do traballo diario nas correspondente áreas dentro e fóra da aula.	-producción do alumnado	cadernos de clase, resolución dos exercicios e problemas dos libros de texto, rexistros de actividades: resumo, portfolio,, producións plásticas, carteis, exposicións, investigacións, ...	40 %
Estándares de Aprendizaxe máis concretos e específicos da área que se avaliarán so nun trimestre.	-probos específicas -cuestionarios	controis, exames, probos escritas, de resposta multiple, de verdadeiro ou falso, etc.	30%

- A. O 20% da cualificación total corresponde coas normas da aula, a conducta, as actitudes e outras capacidade que demostre cada discente. A observación sistemática que avalia esta porcentaxe rexístrase en diarios de aula, na programación e diversos rexistro como o rexistro de incidencias,
- B. O 50% da cualificación total correspondente á resolución adecuada da tarefa, a organización dos materiais, a presentación do caderno e as aportacións durante as clases. Os instrumentos da avaliación da **producción do alumnado** son o análise da produción nos cadernos, grabacións, libros, a través de rúbricas e outras escalas de observación.
- C. Finalmente, queda un 30% da cualificación total reservado para as **probos específicos** e os **cuestionarios** de diversos tipos que rexistran o grao de consecución dos contidos relacionados cos estándares de aprendizaxe máis concretos e específicos da área que se avaliarán só nun trimestre.

Ao final de curso o 100% dos Estándares de Aprendizaxe das áreas estarán avaliados.

## 7.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. O resultado da avaliación será positivo cando se supere o grao mínimo dos EA avaliados de cada área e indicarse no boletín de información ás familias cunha cualificación numérica de 5 a 10 obtida tralo redondeo matemático da ponderación de tódolos EA avaliados.

A avaliación dunha área será negativa cando non se alcance o grao mínimo nos EA desa área e indicarse no boletín de información ás familias cunha puntuación de 1 a 4.

2. Unha vez cualificadas tódalas áreas na avaliación final procederase á cualificar as competencias clave tendo en conta que avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado.

Tódolos Estándares de Aprendizaxe incluídos nos 7 **perfis competenciais** elaborados no centro teñen a mesma ponderación.

Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiranse na acta da avaliación final, expresándose en termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaínte (SB), para as cualificacións positivas.

## 7.2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Con carácter xeral, no caso de superaren todas as áreas cursadas ou teren avaliación negativa en dúas áreas como máximo o alumno/a promocionará ao 3º nivel de primaria. Non promocionará cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias ou en dúas materias se ambas fosen instrumentais, entendendo como áreas instrumentais: L. G. e Literatura, L. C. e Literatura e Matemáticas.

En todo caso, as decisións sobre a promoción do alumnado do 2º ao 3º nivel de primaria serán adoptadas de xeito colexiado polo equipo docente do grupo, como consecuencia do proceso de avaliación, na sesión de avaliación final. Terase en conta os criterios de promoción que se recollen a continuación, tomando especialmente en consideración a información e o criterio que aporte a mestra titora.

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que:

- a) Logra a progresión adecuada nos obxectivos da etapa.
- b) Alcanza o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

2. O alumnado que promociione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

3. Cando un alumno ou unha alumna non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

4. A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo terá como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Pero

cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno/a alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente dúas instrumentais.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa e así o reflecta na acta da avaliación final.
- c) Valorando que a non promoción é unha medida que só se aplicará unha vez ao longo da etapa de Primaria poderase tamén autorizar, de xeito excepcional, a promoción dun alumno/a con avaliación negativa en dúas áreas instrumentais, cando o equipo docente considere que o alumno/a pode seguir con éxito o curso seguinte, que teña expectativas favorables de recuperación e que a súa promoción beneficiará a súa evolución educativa, **sempre** que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador. Esta medida poderáselle aplicar unha sola vez ao longo da etapa.
- d) O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis en segundo de primaria.

As sesións de avaliación están programadas da seguinte maneira:

1º trimestre	20 de decembro (16:30)
2º trimestre	28 de marzo (19:30)
3º trimestre	13 de xuño (17:30)

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

En cada sesión de avaliación, o profesorado que incide no 2º nivel de primaria, unha vez analizados os resultados académicos do noso alumnado, fará, entre outras cousas, tal como sinala a orde de avaliación para a etapa de Primaria, unha valoración sobre o nivel de rendemento do grupo. Dentro desta valoración adicarase un espazo a analizar a relación entre os resultados académicos a aplicación da programación didáctica. Así, a partir desas conclusións se analizarán as causas, no caso de que se detecten problemas significativos respecto ao planteamento inicial, e procederase á toma de decisións, acordos e propostas de mellora. Todo isto quedará reflectido nos apartados dentro do modelo de acta que cubrirá o titor do grupo, unha copia quedará entregada na xefatura de estudos trala sesión de avaliación.

O modelo de acta do noso centro inclúe os seguintes ítems:

- a) **Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.**
- b) **Aprendizaxes acadadas por cada alumno.**
- c) **Medidas de atención á diversidade aplicadas.**
- d) **Desenvolvemento da programación, organización da aula, aproveitamento dos recursos do centro e procedementos de avaliación do alumnado**
- e) **Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.**

De igual modo a acta de avaliación trimestral inclúe un apartado para recoller as propostas de mellora e outro apartado para os rogos e preguntas que poidan xurdir na reunión.

## 9. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dende o inicio do curso a nosa intervención asume os diferentes ritmos de aprendizaxe e os distintos intereses e motivacións de cada grupo grazas a avaliación inicial de setembro.

As mestras titoras coa colaboración dos mestres/as especialistas prestarán especial atención a observación e identificación de alumnado con necesidade específica de apoio educativo dentro do grupo para poder dar unha resposta adaptada o máis pronto posible, atendendo deste xeito ó principio de precocidade. Como resultado desta observación detectáronse: un alumno con problemas posturais que terá seguimento do Dpto. de Orientación e tres alumnos con problemas articulatorios que contarán coa intervención da mesra de A.L.

No caso de ser detectado algún outro alumno con dificultades de aprendizaxe debe cubrirse o documento facilitado polo D.O. para dar resposta de xeito normalizado e levar a cabo as modificacións pertinentes tanto na presente programación a través de dúas medidas: Reforzo educativo e Adaptación Curricular Significativa. En todo este proceso contase co asesoramento e participación do Departamento de Orientación do centro.

### 9.1. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realízase durante o mes de setembro, lévase a cabo por parte dos mestres tutores e especialistas que inciden no grupo, para todo o alumnado do nivel, coa intención de determinar o punto de partida da nosa labor docente, adecuando as ensinanzas ao alumnado e facilitando a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe.

Trátase dunha serie de probas específicas principalmente das áreas instrumentais que inciden na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Ademais dos resultados das probas específicas tamén se revisan os informes contidos no expediente do alumno.

Nunha carpeta recóllense e arquivanse as probas desta avaliación, que servirán para comprobar os posteriores progresos de cada discente ao longo do curso.

As familias serán informadas durante a titoría inicial, dos aspectos relevantes do presente curso escolar. De ser o caso, en titoría individual, as familias dos alumnos/as que presenten n.e.a.e. serán informadas das medidas ordinarias e/ou extraordinarias que fosen precisas.



## **9.2. MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE PODEN SER ADOPTADAS SEGUNDO OS RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL**

Esta avaliación inicial, que inclúe o resultados da proba específica, a revisión dos informes persoais do expediente e a información obtida das familias, é o punto de referencia para a toma de decisións das programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Ao remate do mes de setembro axustarase a Programación de Aula e selecciónanse as medidas ordinarias ou extraordinarias que resulten oportunas para cada alumno/a.

### **9.2.1. PLAN ESPECÍFICO DE RECUPERACIÓN**

Esta medida será de aplicación no caso do alumnado que promocionaron a 2º con materias pendentes.

### **9.2.2. ADAPTACIÓNS CURRICULARES**

Esta medida educativa non é necesaria neste grupo.

## 10. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Partindo do artigo 11 do Decreto 105 referido aos elementos transversais deseñamos tres tipos de actuación:

- En primeiro lugar, mantémonos informados e atentos sobre as publicacións e anuncios da administración referidas nese artigo para aproveitar as iniciativas e actividades que se vaian publicando ao longo do curso.
- En segundo lugar, temos moi presente os plans e proxectos do centro deseñando e incorporando accións para desenvolvelos como se redacta no subapartado 10.1 que se reflicten nas actividades concretas recollidas na programación de aula.
- En terceiro e último lugar, ademais das diversas programacións de aula para cadansúa área, desenvolvemos unha serie de actividades programadas de xeito transversal xa que afectan ao desenvolvemento integral da persoa e non son exclusiva dunha única área.

Estas actividades traballan contidos referidos a programación transversal, ás datas de obrigada conmemoración e as actividades complementarias. Ver subapartado 10.3.

No apartado 10.2 recolleamos algúns exemplos que contribúen ao desenvolvemento dos elementos referidos no artigo 11 do decreto curricular: Educación cívica, Educación para a paz, Educación sexual (identidade de xénero, identidade sexual), Educación para a igualdade de trato e respecto polos diferentes tipos de familia, Educación en autoprotección (sexual, tecnoloxía, emerxencias e catástrofes), Educación Ambiental e Educación Viaria.

### 10.1. PLANS E PROXECTOS EDUCATIVOS DO CENTRO

#### 10.1.1. ACCIÓNS DESTA PROGRAMACIÓN QUE CONTRIBÚEN AO PAT

Ás familias son informadas trimestralmente do resultado das avaliacións e cada vez que o soliciten os Martes de 16 a 17 horas. Atendendo ao protocolo COVID evítanse as reunións presenciais de ser posible, tratando de realizalas de forma telemática.

A acción tutorial maniféstase na interacción dentro do grupo de 2º e vese reflectida no pacto das normas da aula, no uso rutinario das fórmulas sociais que axudan a desenvolver habilidades sociais e a ter unhas relacións máis amables (saudar, agradecer, desculparse, despedirse,...).

Tamén se procura incidir co grupo–aula na aprendizaxe lúdica das competencias persoais (autoestima, autoconceito,...) e sociais (asertividade, escoita activa, empatía,...) así como a autorregulación emocional e a resolución de conflitos mediante a reflexión e o diálogo.

### **10.1.2. ACCIÓNS DESTA PROGRAMACIÓN QUE CONTRIBÚEN AO PLAN LECTOR**

Despois do tacho, como recolle o Plan Lector, contamos coa dedicación real de 20 minutos diarios para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento do hábito lector.

Os luns realizaremos xogos ortográficos e a maiores das actividades aportadas polo 2º nivel ao plan lector, a programación esta aberta á outras actividades de fomento da lectura que poidan ir xurdindo durante o curso (firma de libros, visitas de autores ou editores, presentación de novos libros aportados á Biblioteca de Aula e a Biblioteca do Centro, etc).

### **10.1.3. ACCIÓNS DESTA PROGRAMACIÓN QUE CONTRIBÚEN AO PLAN TIC**

Na medida do posible realizaremos desdoblamento do grupo aula para acudir a aula de informática. Ademais, na aula faise uso diario e efectivo do encerado dixital e do ordenador con acceso a internet e con actividades para as diversas áreas que contribúe directamente a competencia dixital e para favorecer o manexo do ordenador e o uso razoable de internet como fonte de información.

### **10.1.4. CONTRIBUCIÓNS DESTA PROGRAMACIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Con carácter xeral no curso escolar realízanse actividades relacionadas coa convivencia como festivais, xornadas deportivas, etc. e as actividades de cohesión entre o alumnado de 1º e o de 2º e 3º.

Adícase un tempo ao comezo do curso para establecer as normas de clase e cada alumno terá as súas responsabilidades para fomentar o compromiso (anotar recados, coidado do propio material), respecto (resolución pacífica de conflitos, uso de bos modais e fórmulas de cortesía) e a constitución como grupo social que favorecerá as relacións interpersoais e os acercamentos que revirten en actitudes cívicas, superando pequenos conflitos propios da idade.

En aplicación da normativa do centro, faise especial fincapé en colaborar na orde e coidado de todo o centro.

### **10.1.5. CONTRIBUCIÓNS DESTA PROGRAMACIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO**

Como obxectivo xeral determínanse unha serie de medidas, que quedan definidas no Proxecto Lingüístico do Centro, tendentes a conseguir que desaparezan as actitudes negativas á hora do uso do galego, e a unha competencia lingüística axeitada tanto nas dúas linguas oficiais: galego e castelán, como na lingua estranxeira: inglés.

### **10.1.6. ACCIÓNS QUE FOMENTAN A SAÚDE E A CALIDADE DE VIDA**

No primeiro trimestre realízanse enquisas sobre hábitos de hixiene, consumo de alimentos e trabállase a pirámide dos alimentos, resaltando a importancia dunha dieta variada e equilibrada identificando os grupos de alimentos.

Potenciamos a responsabilidade como consumidor, por exemplo elaborando un calendario de comidas, listas da compra, recoñecendo a información do ticket da compra,... e coñecer o prezo estimado dalgúns produtos para valorar a súa importancia na nosa dieta mirando catálogos e acudindo aos supermercados do barrio.

## **10.2. PROGRAMACIÓN TRANSVERSAL**

Ademais dos contidos concretos das áreas formarase ao alumnado nos valores desexables da nosa sociedade actual, utilizando o traballo e circunstancias do día a día da aula para explicalos (unha pelexa, un apoio, unha circunstancia persoal dalgún neno/a), e por suposto poden traballarse e levarse a cabo en tódalas áreas e tamén nos tempos de lecer.

### **10.2.1. EDUCACIÓN CÍVICA**

Participar nas actividades de grupo respectando os distintos puntos de vista e as quendas, entrar con puntualidade ao colexio, desplazarse en orde e atender ás indicacións dos mestres tanto dentro do colexio como nas saídas fóra do centro, etc.

**10.2.2. EDUCACIÓN PARA Á PAZ**

Fomentase a cooperación entre compañeiros e compañeiras de clase, o dialogo e a resolución pacífica dos conflitos nos tempos de lecer e dentro da aula que poidan presentarse, con actitudes tolerantes e solidarias cara aos demais.

**10.2.3. ED. SEXUAL (IDENTIDADE DE XÉNERO, IDENTIDADE SEXUAL)**

A través de contidos propios de Ciencias da Natureza, de xogos paritarios e lecturas.

**10.2.4. EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE TRATO E RESPECTO POLOS DIFERENTES TIPOS DE FAMILIA**

Desenvolver actitudes que faciliten as relacións no grupo e o reparto de responsabilidades, sen deixarse influenciar por razóns de xénero, de idade,...

**10.2.5. EDUCACIÓN EN AUTOPROTECCIÓN**

Actividades con diálogo dirixido ao fomento de emocións positivas para superar os malos momentos persoais, accidentes, situacións inevitables,... e debates sobre os comportamentos aceptables en lugares con moita afluencia de xente (no auditorio, no cine, no teatro, no mercado, en concentracións deportivas, en festas e festivais, en desfiles, etc), especialmente coas medidas para previr a COVID.

Ademais a nivel centro preparase un simulacro anual do plan de evacuación.

**10.2.6. EDUCACIÓN AMBIENTAL**

Identificar e valorar as prácticas que axudan a conservar o contorno, participando no horto escolar, mantendo a limpeza e orde no patio e nas aulas e resto das dependencias do colexio,... Ademais dunha limpeza no contorno.

**10.2.7. ACTIVIDADES PROMOTORAS DO ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

Participar nas actividades e concursos ofertados polas administracións e outras entidades, como por exemplo a campaña para levar auga para Nixer.

### 10.2.8. EDUCACIÓN VIARIA

Ao longo do curso iremos coñecendo as normas básicas de circulación a través do xogo simbólico, grazas aos diversos materiais facilitados pola DXT sobre educación viaria, faremos observacións no propio barrio identificando os elementos da rúa, as normas de circulación que afectan aos peóns e tamén debuxaranse e describiranse itinerarios.

## 10.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Complementarias son as actividades didácticas e pedagóxicas que non forman parte das programacións de aula pero que se desenvolven dentro do horario lectivo.

É importante sinalar que traballan contidos de varias áreas e que se incorporan á programación a través dos arquivadores das actividades correspondentes: saídas, conmemoracións, festivais culturais e outras actividades complementarias. Serán avaliadas atendendo aos seguintes Estándares de Aprendizaxe de varias áreas:

CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.
CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.
CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.
CSB3.7.1. Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peonías, etc.
LCB1.1.1. Expressa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.
LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.
MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.
VSCB1.3.3. Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.
VSCB3.5.3. Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.

Estas actividades son organizadas polos equipos docentes e ao remate de cada actividade farase unha reflexión sobre estas catro cuestións, posto que tamén son unha parte importante desta Programación Didáctica:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Como resultaron as actividades?
- Cales aspectos gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

### 10.3.1. DATAS DE OBRIGADA CONMEMORACIÓN

Traballaranse as conmemoración establecidas na Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia referidas no seu artigo 8 e que se recollen no anexo I:

- O 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
- O 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- O 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- O 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- O 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional de la Educación
- O 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- O 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- O 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- O 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa.
  - ★ O 8 de marzo traballárase na aula con xornais.
- O 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.
- O 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.
- Do 17 e o 21 de abril de 2023: Semana do Libro.

- O 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- O 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.
- O 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.

### **10.3.2. SAÍDAS E FESTIVAIS CULTURAIS DOS EQUIPOS DOCENTES**

Serán como mínimo 1 ou 2 saídas por trimestre e preferiblemente gratuítas para non sobrecargar a economía das familias.

Inclúíronse actividades para as distintas celebracións e conmemoracións e colabórouse coas actividades propostas pola biblioteca do centro:

#### **1º TRIMESTRE**

- **Samáin:**
  - A nivel de aula realizamos diversas actividades e manualidades sobre o tema.
  - Decoración das aulas e tunel terrorífico a nivel centro.
  - Contacontos terrorífico.
  - Festa de disfraces de medo.
  - Ademáis, a nivel centro, participaron nunha exhibición, traendo calacús decorados.
- **Magosto:**
  - A celebración cun taco propio do outono, por exemplo castañas asadas e leite. (5 de novembro), se o tempo o permite o tomaremos na praia de Doniños.
- **Día do peón:**
  - Durante a semana xogaran co peón que traían da casa no lecer.
  - O 11 de novembro, polo San Martiño recibiremos a visita dun campión do peón.
- **Constitución Española e Estatuto de Autonomía.**
  - Actividades sobre os símbolos do estado e da autonomía.
  - Colgado de bandeiras no corredor.
  - Visualización dun pequeno vídeo sobre os dereitos humanos.



- Día Internacional das persoas con discapacidade.
  - Visualización dun pequeno vídeo.
- Nadal:
  - Decoración da aula, da porta e das ventás.
  - Intercambio de postais de Nadal co alumnado de 1º e 3º.
  - Saída ó cine ou visionado de película na aula.
  - Chokolatada ou festa organizada pola ANPA.
  - Carta aos Reis Magos, a Papá Noel ou ao apalpador.

**2º TRIMESTRE:**

- Día da Paz:
  - Canción conxunta en LSE.
  - Celebración do baile pola Paz.
  - Colaboración no mural da paz a nivel centro.
- Saída ao inferniño e visita ao supermercado.
  - Dentro da proxecto “Coñecemos o noso barrio”, visitamos o supermercado Gadis no inferniño.
  - Observamos e rexistramos datos sobre os servizos dispoñibles: caixa de correos, colectores, letreiros das rúas, oficios do barrio, comercios, farmacias,...
- San Valentín:
  - Usamos a caixa de correos e enviamos tarxetas de amizade aos nenos de 2º e 3º.
  - Lectura das tarxetas recibidas.
- Día de Rosalía:
  - Preparamos un poema co alumnado de 2º e estudamos a súa biografía.
  - Lectura do poema na celebración, a nivel centro.
- Entroido:
  - O alumnado seguirá os mandatos do Meco.
  - A nivel aula farase degustación de doces típicos.

- **Semana da prensa:**
  - Búsqueda de noticias sobre Agricultura, Ecoloxía e Medio Ambiente.
  - Participación no mural do centro.
- **Participación na campaña “Auga para Nixer”:**
  - Elaboramos pancartas co lema deste ano.
  - Visionamos o vídeo oficial do día da auga.
  - Recadamos mecenazgo para a carreira da auga.
  - Seguimento dos donativos.
  - Participación na Carreira da Auga.
- **Visita dun escritor/a:**
  - Lectura dun libro escrito por ese autor/a.

**3º TRIMESTRE:**

- **Día de Europa a nivel aula:**
  - Actividades sobre bandeiras e escudos.
- **Celebración dos Maíos:**
  - Realización dun maio a nivel centro.
- **Celebración das Letras Galegas:**
  - Diversas actividades dedicadas a Florencio Delgado Gurriarán na aula.
  - Elaboración de Kahoot de preguntas sobre os autores pintados no patio.
- **Fin de curso:**
  - Participación na xornada de xogos e xoguetes tradicionais.
  - Xornada de convivencia na praia de Ponzos.
  - Participación no festival de fin de curso dentro da aula. (22 de Xuño)

Salientar ademais, que dende o Equipo de Biblioteca traballaron diferentes conmemoracións como o Día Universal da Infancia, o Día Mundial da Saúde ou o Día dos Dereitos do Consumidor, etc.

### **10.3.3. OUTRAS ACTIVIDADES**

Aparecen recollidas na PXA e no PE do centro. Levaranse a cabo en horario de 16 a 18 horas de luns a xoves, segundo a actividade. O centro oferta servizo complementario de comedor e a biblioteca permanece aberta as tardes de luns, mércores e xoves de 16 a 18 horas.

## 11. DOCUMENTACIÓN:

### 11.1. TEXTOS LEXISLATIVOS

- [Documento recopilador de lexislación elaborado por José Ricardo López Saavedra](#)
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE núm. 340, do 30 de decembro de 2020)
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013)
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. (BOE núm. 71, do 23 de marzo de 2007)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG núm. 136, do 15 de xullo de 2011)
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (DOG núm. 152, do 07 de agosto de 2007)
- Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia. (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro de 2007)
- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz. (BOE núm. 287, do 1 decembro 2005)
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, na discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. (BOE núm. 289, do 3 decembro 2003)
- Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria, no que desenvolve os aspectos do mesmo en atención á nova configuración do currículo. (BOE núm. 52, do 1 de marzo de 2014)
- Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan os ensinos do 2º ciclo da ed. infantil, a ed. primaria e a ed. secundaria. (BOE núm. 62, do 12 de marzo de 2010)
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro de 2015)

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na C.A. de Galicia. (DOG núm. 171, do 9 de setembro de 2014)
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade nos centros educativos da C.A. Galicia. (DOG núm. 242, do 21 de decembro de 2011)
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG núm. 97, do 25 de maio de 2010)
- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 105, do 2 de xuño de 2022)
- Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG núm. 29, do 11 de febreiro de 2022)
- Orde do ECD/65/2015 do 21 de xaneiro polo que se describe a relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria. (BOE núm. 25, do 29 de xaneiro de 2015)
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario. (DOG núm. 97, do 20 de maio de 2011)

## 11.2. TEXTOS BIBLIOGRÁFICOS

- Aguilera, A. (2004): *Introdución ás dificultades do aprendizaxe*. Madrid: Plaza edición
- Cabanach, R. G. (1994): *Modelo Cognitivo-Motivacional en Niños con y sin Dificultades de Aprendizaje*. Coruña: Dpto. de Psicología Evol. e da Educ. UDC
- Cassany, D. (2006): *Taller de textos: leer, escribir y comentar en el aula*. Barcelona: Paidós
- Gispert, D. e Ribas, L. (2010): *Alumnado con dificultades na aprendizaxe da lectura*. GRAO
- González, M. C. (1997): *La Motivación Académica*. Navarra: EUNSA
- Mena, B. e Outros (1998): *Aplicaciones educativas de las nuevas tecnologías: internet, infografía, y animación*. Salamanca: ANTHEMA EDICIONES
- Moreno, Víctor (2004). *Lectores competentes*. Madrid: Anaya.
- Rodari, G. (1988): *Contos ao teléfono*. Vigo: Galaxia
- Rodari, G. (2007): *Inventando números*. Santiago: Kalandraka

- Vallés Arándiga, Antonio (2013): Inteligencia emocional. Proxecto Superpixépolis. Grupo Edelvives

### 11.3. WEBGRAFÍA

- <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>
- <http://www.lexislacion.eu/>
  - [https://dl.dropboxusercontent.com/u/99652025/Lex/Html/20161006\\_x/Lexislaci%C3%B3n%20educativa.html](https://dl.dropboxusercontent.com/u/99652025/Lex/Html/20161006_x/Lexislaci%C3%B3n%20educativa.html)
  - [https://dl.dropboxusercontent.com/u/99652025/Lex/Historico\\_PDF/le\\_x\\_20161006.pdf](https://dl.dropboxusercontent.com/u/99652025/Lex/Historico_PDF/le_x_20161006.pdf)
- <http://www.edu.xunta.gal/portal/>
- <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>
- <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipponzos/>
- <http://bibliotecaponzos.blogspot.com/>
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalleinclangrove/>
- <http://valleinclanbiblioteca.blogspot.com.es/>
- <http://enformacocolexiovalleinclandeogrove.blogspot.com.es/>
- <http://mansdeterra.blogspot.com.es/>
- <http://vivirtocandoomar.blogspot.com.es/>
- <http://experimentovi.blogspot.com/>
- <http://aquesabeomundo.blogspot.com/>

#### NUEVOS:

- <http://www.scientix.eu/home> (EMBAJADORES: J. Ricardo Paredes Pampín, Cambados, [ricardoparedes2023 \(at\) gmail.com](mailto:ricardoparedes2023@gmail.com) Jose Benito Vazquez Dorrio, Vigo, [bvazquez \(at\) uvigo.es](mailto:bvazquez@uvigo.es) Jose Viñas Diéguez, Cambre-A Coruña, [josemvinas \(at\) me.com](mailto:josemvinas@me.com))
- <http://www.edu.xunta.gal/portal/innovacion/directorio/busca>
- <http://www.edu.xunta.gal/portal/programaseuropeos>
- <http://experimentovi.blogspot.com.es/p/r1d1.html>
- <http://www.edu.xunta.gal/portal/ODEs>
- <http://www.edu.xunta.es/navegaconrumbo/index.html>

## 11.4. PROTOCOLOS

- Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 (VERSIÓN 06/07/2021)
  - Guía “VOLTA SEGURA ÁS AULAS”
  - Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19, curso 2021-22
  - Autoavaliación COVID-19
  - Declaración responsable familias
  - Cartelería para centros educativos
  - Solicitud para o estudo da vulnerabilidade fronte á COVID-19 (ODT)
  - Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, de Plan de Continxencia ante Peches
  - Resolución do 16 de novembro de 2020 pola que se constitúe o grupo técnico COVID-19
  - Creación das comisións provinciais de seguimento ante as posibles situacións de absentismo con orixe na COVID-19
  - Instrucións relativas ao uso dos servizos educativos dixitais corporativos no marco da emerxencia sanitaria derivada da pandemia por COVID-19
  - Plan de Benestar Emocional. Proposta de intervención
- Protocolo de Protección de datos (PUBLICADO 12/04/2016)
  - Protocolo de Protección de datos
- Orientacións sobre Plan de Convivencia
  - Orientacións sobre Plan de Convivencia
  - Orientaciones sobre Plan de convivencia (versión en castelán)
- Cuestionario de convivencia 2021
  - Preguntas frecuentes cuestionario de convivencia 2021
  - Guía de usuario do cuestionario de convivencia
  - Manual de uso da aplicación convivenciaxestion
  - Cuestionario pictográfico
- Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Informe de diagnose
  - Diagnose de convivencia 2015-2020

- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020
  - [I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020](#)
  - [I Plan de actuaciones para la Igualdad en los centros educativos de Galicia 2016-2020 \(versión en castellán\)](#)
- Procedemento corrector de condutas
  - Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia
    - [Procedemento corrector: mapa \(pdf\)](#)
    - [Procedemento corrector: modelos normalizados \(pdf\)](#)
    - [Procedemento corrector: modelos normalizados \(doc\)](#)
    - [Procedemento corrector: orientacións \(pdf\)](#)
  - Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar
  - Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia (PUBLICADO 10/03/2016)
  - [Protocolo de absentismo escolar](#)
  - [Instrucións 31 xaneiro absentismo escolar](#)
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe (PUBLICADO 29/01/2020)
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva (PUBLICADO 22/02/2019)
  - [Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva](#)
- El niño con asma en la escuela
  - [Cómo actuar ante una crisis asmática](#)
  - [Asma por ejercicio](#)
- Guía para colegios e institutos
  - [Situacións de urxencia](#)
  - [Accidentes](#)
  - [Nenos con Enfermidades Crónicas](#)
  - [Consellos sobre Hixiene e Prevención](#)
- Protocolo de identidade de xénero:



- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero
- Protocolo educativo para garantir la igualdad, la no discriminación y la libertad de identidad de género
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual (PUBLICADO 16/04/2018)
  - Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) (PUBLICADO 14/03/2016)
  - Protocolo de tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
- Protocolo de Urgencias Sanitarias
  - Protocolo de Urgencias Sanitarias e enfermidade crónica
  - Protocolo de Urgencias sanitarias y enfermedad crónica (versión en castelán)
  - Anexos do protocolo de atención a urgencias sanitarias e enfermidade crónica (doc)
  - Anexos protocolo Urgencias sanitarias y enfermedad crónica (odt)
  - Addenda de Diabete
  - Adenda de diabetes (versión en castelán)
  - Anexos da Addenda de atención á diabete (doc)
  - Anexos adenda de diabetes.odt
- Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá (PUBLICADO 10/03/2016)
  - Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content\_type/advertisement/2015/02/06/protocolo\_atencion\_tempera\_galego.pdf
- Protocolo de Atención educativa domiciliaria (PUBLICADO 27/01/2016)
  - Protocolo de atención educativa domiciliaria
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo (PUBLICADO 22/11/2017)

- [Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo](#)
- **Identidade dixital** (PUBLICADO 10/11/2017)
  - [Guía de identidade dixital](#)
- **Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais** (PUBLICADO 27/09/2019)
  - [Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais](#)